

Venres, 13 de febreiro de 2026

Núm. 30

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL**

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

**Outros documentos, notificacións e informacións públicas***EXTRACTOS XUNTA DE GOBERNO DE DATA 06/02/2026**EXTRACTOS DE ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL EN SESIÓN, ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 6 DE FEBREIRO 2026***ASISTENTES:**

Presidente: Luís López Diéguez.

Deputados: Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña.

Secretario: Carlos Cuadrado Romay.

Interventor: Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada Luisa Sánchez Méndez, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia a Xunta de Goberno adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2026.
2. Apróbanse as bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026. (Expte. 2025080622)
3. Apróbanse as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2026 (Expte. 2026001816)
4. Apróbanse as bases do programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra. (Expte. 2026001124)
5. Apróbase o convenio de colaboración entre esta Deputación e o Concello de Tomiño relativo á execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goían dende o PQ 3+600 ata o PQ 4+542. Treito III (Concello de Tomiño)”. (Expte.2023036133)
6. Acórdase ampliar a bolsa de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2024 (6ª, 7ª e 8ª mobilidade). (Expte. 2023073909)



Venres, 13 de febreiro de 2026

Núm. 30

7. Adxudícase mediante procedemento aberto do contrato para a subministración de camisetas, pantalóns cortos, sudaderas e chalecos para o programa "O noso Clube". (Expte. 2025075874)
8. Acórdase suspender a execución do Contrato derivado Lote 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.2025043468)
9. Acórdase suspender a execución Contrato derivado Lote 4-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.2025046027)
10. Apróbase a modificación número 4 do contrato "Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra". (Expte. 2024002812)
11. Apróbase a modificación do contrato de Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe para contratar unidades adicionais nos lotes 2, 3, 4 e 6. (Expte. 2022058142)
12. Apróbase a primeira prórroga do contrato, formalizado coa empresa Tragal S.L., para a prestación dun servizo de prevención e control da lexioloxía nos centros e servizos da Deputación. (Expte.-2024044506)
13. Devólvese a garantía definitiva constituída pola entidade mercantil Combustibles Garbosa, S.L., para responder do contrato relativo a "Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe". (Expte. 2022070543) (DEVOGARAN 2026001312)
14. Acórdase ampliar o prazo de execución do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)". (Expte. 2024069327)
15. Acórdase a refinanciación do Lote 1 do contrato de subministración, mediante arrendamento sen opción de compra, de diferentes vehículos para os servizos da Deputación de Pontevedra. (Expte. 2024028056)
16. Dáse conta e acéptase a renuncia da entidade Misión del Silencio, do Concello de Vigo, á subvención para a execución do proxecto "Cobertura de las necesidades alimenticias a la población vulnerable" aprobada ao seu favor en Xunta de Goberno de data 14/11/2025. (Expte. 2025008771)
17. Dáse conta e acéptase a renuncia da entidade Fundación Igual Arte, do Concello de Vigo, á subvención para a execución do proxecto "Deporte y autonomía" aprobada ao seu favor en Xunta de Goberno de data 14/11/2025. (Expte. 2025012932)
18. Dáse conta e acéptase a renuncia da Asociación Musical Cultural Tirante, do Concello de Barro, á subvención concedida para a publicación "Patrimonio fluvial na ribeira



Venres, 13 de febreiro de 2026

Núm. 30

- do río Miño", aprobada ao seu favor en Xunta de Goberno de data 24/07/2025. (Expte.2025016995)
19. Dáse conta e acéptase a renuncia da Asociación Cultural Alecrín, do Concello de Ribadumia, á subvención concedida para o audiovisual "A ponte dos padriños", aprobada ao seu favor en Xunta de Goberno de data 24/07/2025. (Expte. 2025016416)
  20. Dáse conta e acéptase a renuncia da Asociación Cultural Colectivo Espazo 16, do Concello de Barro, á subvención concedida para a publicación "A arquitectura do millo", aprobada ao seu favor en Xunta de Goberno de data 24/07/2025. (Expte.2025011985)
  21. Dáse conta e acéptase a renuncia da Asociación Cultural e Artística Os Contentos, do Concello de Ponte Caldelas, á subvención concedida para o audiovisual "Os seráns do verdugo-oitavén", aprobada ao seu favor en Xunta de Goberno de data 24/07/2025. (Expte. 2025016981)
  22. Dáse conta da acta do Xurado na que se outorga o I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra 2025. (Expte. 2025029488)
  23. Concédense Axudas sanitarias do exercicio 2025. (Expte. 2026004621)
  24. Concédese subvención ao concello de Cerdedo-Cotobade, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 Liña 1-Investmentos (anualidade 2026), co obxecto do financiamento do investimento "Proxecto de expropiación do plan especial de infraestruturas e dotacións para a ordenación da zona verde EL/ZV-30". (Expte.2026004161)
  25. Concédense subvencións da convocatoria do programa de axudas a Agrupacións de persoal voluntario de Protección Civil da provincia de Pontevedra. (Expte. 2025057852)
  26. Inadmisión de solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por danos en vehículo no Concello de Cangas. (Expte. 2025074123)
  27. Inadmisión de solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por danos no peche perimetral dunha finca no Concello de Pontevedra. (Expte.2024068897)
  28. Concédese unha subvención ao concello de As Neves ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación 2026 (liña 3). (Expte. 2026002527)
  29. Concédese unha subvención ao concello de Pazos de Borbén ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación 2026 (liña 3). (Expte.2026002392)
  30. Concédese unha subvención ao concello de Oia ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación 2026 (liña 3). (Expte. 2026003245)
  31. Comunicacións: non houbo.
  32. Fóra da orde do día: non houbo
  33. Rogos e preguntas: non se formularon.

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

